

Castelao, Ministro do Goberno Republicano no Exilio: unha fotografía descoñecida

CARLOS PEREIRA MARTÍNEZ*



Calquera colección fotográfica ou publicación que se consulte sobre o egregio galego Afonso Daniel Rodríguez Castelao, amosará un baleiro: non se encontrará ningunha fotografía del na que apareza, en calidade de ministro do Goberno republicano no exilio, na época presidida por José Giral, nun acto oficial.

Cando solicitaron a miña colaboración para unha fotobiografía de Castelao que se estaba a preparar, publicada logo pola editorial A Nosa Terra, comentáranme o estraño desta carencia. Eu paseille información sobre álbums de fotos do Goberno Giral que se encontran no Arquivo do Goberno Republicano no exilio, actualmente depositados en Madrid. O libro publicouse, pero seguía sen aparecer ningunha fotografía da época ministerial. Segundo me comentaron meses despois, examinaran centos e centos de imaxes deses álbums, con resultado infructuoso. Quedei abraiado: se nos álbums oficiais non aparecía, probablemente non houbese ningunha.

*Carlos Pereira é funcionario do Concello de Culleredo e historiador.

Quixo a sorte que, consultando parte do Fondo Alvajar do Arquivo Municipal de Betanzos que aínda non mirara, dese coa colección de *La Nouvelle Espagne*, órgano oficial do Goberno republicano, revista que estaba dirixida por un exiliado coruñés, César Alvajar Diéguez. Púxenme entón a revisar os números da época na que Castelao foi ministro, e encontrei algunhas noticias; así, cando se dá a noticia da súa designación, aparece un retrato del –probablemente enviado dende América– que nada novo aportaba, xunto con outro de Augusto Barcia Trelles, tamén designado para unha carteira ministerial, e que fixo a viaxe a París en compañía de Castelao. Cando chega a Francia, no semanario aparece unha entrevistada con el, realizada –case me atrevo a aseguralo, aínda que non apareza asinada– por César Alvajar, vello amigo do rianxeiro (a falecida esposa de César, a cullerdense Amparo López Jeán, militara no Partido Galeguista, pertencendo ao seu Comité Executivo en Barcelona, durante a Guerra Civil, sendo Castelao, ademais, padriño da voda de Amparo Alvajar, filla maior de César e Amparo, con Arturo Cuadrado)–, sen foto. Pero, na última páxina dun dos números consultados, inclúese unha fotografía que recolle o momento no cal unha comisión oficial do Goberno republicano, presidida polo asturiano –moi vencellado a Galicia– Augusto Barcia Trelles, ministro de Facenda deste Goberno Giral, visita a UNESCO: pois ben, un dos membros desa comisión.... era Castelao.

A fotografía aparece reproducida no número 46 de *La Nouvelle Espagne*, datado o sábado 21 de decembro de 1946.

Nos números seguintes nada interesante apareceu. Sen embargo, gracias a esta noticia, realmente marxinal no semanario, pois nin sequera trae información escrita sobre a visita á UNESCO, dispoñemos xa, á fin, dunha fotografía oficial de Castelao como ministro do Goberno republicano no exilio.



***ARTE, LITERATURA
ANTROPOLOXÍA...***



*Jesús Núñez. RUINAS DE BERLÍN. 1953. Augatinta. Mancha: 34x47 cm.
Papel alemán. Matrices: 2. Tirada: 4.*